



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/10	El Pleno


DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:30 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	SÍ
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	SÍ
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	SÍ
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

76580879X	rocio lopez garcia	SÍ
-----------	--------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 21/11/19 E 02/12/19.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ás actas das sesións anteriores, de data vinte un de novembro e dous de decembro do dous mil dezanove (21/11/19 e 02/12/19) , distribuídas coa convocatoria, e non habendo nada, os borradores das actas de ditas sesións foron aprobadas por unanimidade dos presentes.

Expediente 236/2019. APROBACIÓN CIFRAS POBOACIÓN A 01/01/2019.


Favorable

Tipo de votación:
Unanimida
de/Asentim
ento

Neste punto do orde do día deuse conta das cifras resultantes da revisión do Padrón Municipal de Habitantes Concello de Lourenzá, co resume numérico da poboación do termo municipal totalizado á data de 1 de xaneiro do 2019, tal e como se interesa pola Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística, coas seguintes cifras:

1.- VARIACIONES NO NÚMERO DE HABITANTES:

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

CONCEPTO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Poboacin do municipio a 01/01/2018	2.179	1.058	1.121
Altas de 01/01/18 a 01/01/19	77	41	36
Baixas de 01/01/18 a 01/01/19	116	60	56
Variacins por erro en el sexo: Altas/Baixas	0	0	0
Poboacin Municipio a 01/01/2019	2.140	1.039	1.101

2.- CAUSAS DE VARIACIN NO NMERO DE HABITANTES:

CONCEPTO	NACEMENTOS/ DEFUNCINS	CAMBIOS RESIDENCIA		OMISINS/ INSCRICIN INDEBIDA
		De/a outro municipio	De/ estranxeiro	
Altas residentes no Municipio	14	50	9	4
Baixas residentes no Municipio	31	77	6	1

3.- ALTERACINS MUNICIPAIS POR CAMBIO DE DOMICILIO DENTRO DO CONCELLO:

CONCEPTO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Cambios domicilio(secciones del municipio)	5	2	3


O Pleno da Corporacin , por unanimidade dos concelleiros presentes na sesin, conformou as cifras do Resume numrico de referencia.

Expediente 199/2018. EXAME E APROBACIN INICIAL, SE PROCEDE, DO DOCUMENTO " MODIFICACIN PUNTUAL NM.7 DO PLANEAMENTO DE LOURENZ PARA A DELIMITACIN DO NCLEO RURAL DE " O BORDN" REDACTADO POR MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P A INSTANCIA DE D. ELENA FERNNDEZ FANEGO.

Favorable

Tipo de votacin:
Ordinaria
A favor: 6,
En contra:
3,
Abstencins
: 2,
Ausentes: 0

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

En relación con este punto da orde do día relativo ó Expediente de Gestiona Núm.199/2018 referente á aprobación inicial do Documento da "MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.7 DO PLANEAMENTO MUNICIPAL DE LOURENZÁ PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O BORDÓN", pola Alcaldía recordouse que este asunto fora incluído na orde do día da sesión plenaria do pasado mes de novembro e que por petición dos grupos da oposición quedara sobra a mesa para un maior estudo e despois de ter tido a xunta de voceiros unha reunión explicativa cos redactores do proxecto, indicou que sometíase de novo á aprobación inicial do Pleno e tras un breve debate no que por parte do voceiro do BNG, Sr. Rocha Pérez indicouse que despois da reunión da Xunta de Portavoces na que se lles explicara polo miúdo o contido do proxecto e, recoñecendo que era o proxecto era un asunto de envergadura, tecnicamente complicado sobre todo para quen carecía dos suficientes coñecementos técnicos e urbanísticos, dixo que o que votaran en falta fora unha maior comunicación cos veciños do Bordón, na que se lles explicara as consecuencia desta recalificación, tanto positivas como negativas, e isto era o motivo que lles impedía votar a favor pero tampouco tiñan unha razón para votar en contra e polo tanto ían a absterse.

A continuación tomou a palabra o Sr. Rodríguez Barrera, voceiro do P. Popular para dicir, textualmente: *a Modificación Puntual número 7 do Planeamento de Lourenzá para a Delimitación do Núcleo Rural de "O Bordón", ou o que é o mesmo e dito de forma que se entenda mellor, a recalificación do solo público e privado para legalizar unha construción privada e ilegal e non para mellorar a vida dos veciños que é para o que deberan servir as competencias en urbanismo dos concellos. A construción non é ilegal porque o diga este grupo, senón que o di a APLU en explicación da normativa urbanística vixente, Axencia coa que o Concello de Lourenzá ten firmado un convenio .A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) ten aberto un expediente que ben puidera, se non o fixo xa, derivar nunha orde de derribo por ter solicitada e concedida, unha licenza para rehabilitar unhas construcións antigas, derribalas e construír unhas novas con carácter residencial, en solo rústico non estando permitido pola Lei do Solo de Galicia.*

Despois de reunirnos en xunta de portavoces cun representante do estudo Monteoliva Arquitectura que nos explicou o que se quería facer coa proposta de Delimitación do Núcleo do Bordón, entre moitas cousas, díxonos que durante a rehabilitación das vivendas caera un muro dunha delas e que se refixera de novo, segundo a súa versión ese era o motivo da denuncia da APLU.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Nada máis lonxe da realidade, non hai máis que ver esta foto que adxuntamos a este escrito, foto obtida na páxina web que ten o catastro e que é pública; na foto pódese ver a obra de construción dunha vivenda nova, ollo non estamos a falar de cambiar unhas fiestras ou tirar unha parede interior ou calquera outra obra menor, non, estamos a falar de facer unha vivenda nova onde non se pode, con todo o que conleva, e de non axustarse á licenza solicitada e concedida: se o que se quería facer é o que está feito, porqué non se solicitou licenza para iso? Poderíase ter concedida a licenza nese caso? Cremos que non.

Non queremos dubidar da boa fe do arquitecto e polo tanto queremos pensar que non estaba moi enterado do caso, pero se non é así, parécenos unha falta de respecto e de ética profesional mentirlle así ao pobo de Lourenzá e aos seus representantes políticos e traballadores do concello alí presentes.

O noso grupo, o último que quere e que se tire a vivenda , parécenos que non molesta a ninguén, que está mellor que o que alí había antes, unhas ruínas cheas de maleza, e que pode xerar algo para Lourenzá, pero facernos cómplices do intento de legalización dunha obra ilegal é como mínimo inmoral.

Baixo o noso punto de vista xa non se nos debera expoñer a esta situación. Aquí fallaron os mecanismos de control que ten que ter calquera concello para que, en canto a rehabilitación non se corresponde coa licenza, se paralice a obra, e se querían facer a obra como se fixo, pois facer esta modificación da cualificación do solo antes de facer a obra, co cal todo sería legal e non estaríamos aquí decidindo o que se fai.

Como supoñemos que vai saír adiante coa maioría dos votos do equipo de goberno, senón non creo que viñera xa o pleno, esixímoslle que no futuro melloren os mecanismos para que isto non volva a pasar, que non é mais que esixirlles que cumpran coa lexislación vixente en materia de urbanismo, o que é a súa obriga coma representantes políticos de Lourenzá.

Se supoñemos que seguen adiante con isto, teñan en conta que abren un precedente gravísimo para o futuro, onde non din que poden pedir licenza para unha cousa e facer o que lles de a gana, mentres non os denunciem a APLU todo vai ben, e senón, o que teña moitos cartos, contrata uns bos avogados e un bo estudo de arquitectos para que co consentimento dos gobernantes lle legalicen a situación.

Ante todo o exposto con anterioridade, vémonos na obriga de votar en contra, permítanme rematar cunha expresión moi galega, “aquí cheira a can”.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Seguidamente tomou a palabra a Sra. Alcaldesa para contestar ás palabras do Sr. Rodríguez Barrera dicindo que o problema da APLU tería que resolvelo a propia axencia e que o seu grupo o único que facía era traer ó Pleno unha solicitude dun particular, que a obra non se fixera cando ela estaba como Alcaldesa e polo tanto, non lle competía a ela, a legalidade ou ilegalidade de dita obra, e polo que respecta ás palabras do voceiro do BNG, aclarou que se trataba dunha aprobación inicial que agora tíñase que publicar no DOGA e en dous xornais da provincia e que abrírase un prazo de dous meses para que todo aquela persoa o veciño, que se vira afectado puidera presentar alegacións, e que era un primeiro paso, non definitivo, posto que tamén era necesario que fora aprobado polos servizos de Urbanismo da Xunta de Galicia.

O Sr. Rocha Pérez puntualizou que eles eran da opinión de que o rural estaba mellor arranxado que en ruínas e que a mellor maneira de loitar contra o despoboamento en Galicia era permitir que nos núcleos rurais se construíra e se reformara e insistiu no que ó único que parecíanlles que faltaba era que se tivera consultado cos veciños afectados.

Dado por finalizado o debate e visto que o expediente iniciárase cun escrito de D^a. María Elena Fernández Fanego, con DNI. 33858297C, con domicilio en Foz, rexistrado de entrada o día 01/03/2018 co núm.2018-E-RC-386 no que solicita a tramitación da “Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Lourenzá para a Delimitación do Núcleo Rural de O Bordón (Lourenzá)” e acompañaba á solicitude o proxecto técnico de data Febreiro/2018, redactado por D. Oscar López Alba, arquitecto Colexiado núm.2576.

Visto que con data 30/01/2019, a solicitante D^a. Elena Fernández Fanego presenta un novo documento da “MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.7 DO PLANEAMENTO DE LOURENZÁ PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O BORDÓN”, neste caso redactado por MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P., con data xaneiro 2019, e asinado por el arquitecto D. Angel Luis Monteoliva Díaz.

Visto que posteriormente e despois de ter recibido os informes sectoriais preceptivos de conformidade coa lexislación vixente, con data 11/11/2019, ten entrada nas oficinas municipais o Documento para a aprobación inicial da Modificación Puntual núm.7 do Planeamento Municipal de Lourenzá para a Delimitación do Núcleo Rural de O Bordón, de data Novembro-2019, redactado por Monteoliva Arquitectura S.L.P., asinado electronicamente por D. Angel Luís Monteoliva Díaz, arquitecto, sendo rexistrado de entrada o día 11/11/2019 co núm. 2019-E-RE-285 e no que se inclúen, en

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

relación con documento enviado en Xaneiro/2019, as modificacións solicitadas pola Demarcación de Carreteras del Estado de Galicia do Ministerio de Fomento e algunhas correccións nas fichas dos bens catalogados, tal e como facíase constar pola Secretaría Xeral de Cultura da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitarias nos seus informes. Visto que con data 15/11/2019 emitíuse informe favorable do arquitecto técnico municipal.

Visto que con data 15/11/2019, emitíuse informe favorable de Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo dita delimitación.

Visto canto antecede e considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, o Pleno, por maioría absoluta do número legal de membros de la Corporación, de conformidade cos artigos 22.2.c) y 47.2.ii) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente, nos termos que obran no expediente, o Documento da MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.7 DO PLANEAMENTO MUNICIPAL DE LOURENZÁ PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O BORDÓN", de data Novembro- 2019, redactado por Monteoliva Arquitectura S.L.P., asinado electronicamente polo arquitecto D. Angel Luís Monteoliva Díaz, sendo rexistrado de entrada nas oficinas municipais o día 11/11/2019, co núm. 2019-E-RE-285.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública por prazo de DOUS (2) MESES mediante anuncio en el *Diario Oficial de Galicia*, e nos xornais "A Voz de Galicia", edición da Mariña e "O Progreso".

Durante dito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.


Igualmente estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello [[dirección https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/](https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/)] e

notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

TERCEIRO.- O concello solicitará, no seu caso os informes sectoriais que resulten preceptivos no momento que corresponda.

CUARTO.- Suspender o outorgamento das licenzas urbanísticas previstas no artigo 47 da Lei 2/2016 de 10 de

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

febreiro, do Solo de Galicia así como no artigo 86 do Regulamento da Lei, aprobado por Decreto 143/2016 de 22 de setembro, no ámbito territorial afectado pola citada modificación puntual do Planeamento de Lourenzá e para as obras ou actividades citadas nos ditos artigos coas excepcións previstas no Regulamento da Lei do Solo e que se corresponden coas seguintes parcelas catastrais:

REFERENCIAS CATASTRAIS
27027B002003950000LP
27027B002003960000LL
27027B002003970000LT
27027B002003980000LF
27027B002003990000LM
27027B002004000000LM
27027B002004010000LO
27027B002004020000LK
27027B002004050000LX

Esta suspensión extinguirase pola aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento e, en todo caso, polo transcurso de dou anos dende a aprobación inicial.

QUINTO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Expediente 769/2019. ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR

Favorable

Tipo de votación:


Unanimidade/Asentimento

Neste punto da orde do día pola Alcaldía informouse do estado de tramitación do expediente instruído para a elección do Xuíz de Paz Titular, que estivera exposto ó público durante un período dun mes, dende o día 24/10/2019 ata o día 24/11/2019, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 244 de 24/10/2019, e que se presentara unha soa solicitude.

O pleno, unha vez vista a solicitude, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, e polo tanto co quórum da maioría absoluta legal esixido pola Lei Orgánica 6/85 de 1 de xullo, do Poder Xudicial, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Nomear, Xuíz de Paz Titular a D.JOSÉ LÓPEZ

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

FERNÁNDEZ, con DNI. núm. 33.845.421-R, con domicilio en Avenida Montero Villegas núm.5 de este termo, durante un período de catro anos, de conformidade co disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Mondoñedo, quen elevarano á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o seu nomeamento, así como a D. José López Fernández para o seu coñecemento e efectos oportunos.

MOCIÓN PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.:A)MOCIÓN ESTATUTO ELECTROINTENSIVAS. B)MOCIÓN EMIGRACIÓN NA GALIZA

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A)MOCIÓN ESTATUTO ELECTROINTENSIVAS.

Neste punto da orde do día, comezouse lendo a moción o voceiro do grupo municipal do B.N.G., Sr. Rocha Pérez quen indicou que era máis sensible ó tema por traballar no sector e que levaban agardando por unhas medidas do estado que non acababan de chegar e que mentres a Mariña estaba a punto de morrer.

Posteriormente tomou a palabra o voceiro do grupo municipal do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera para informar que o seu grupo ía votar a favor.

Finalmente por parte do voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango Ron, anunciouse que o seu grupo ía votar a favor pero facendo constar en acta varias consideracións: primeiro, o feito de que o goberno da nación tomara posesión facía tres días e que, polo tanto, que menos que darlle uns días de gracia. En segundo lugar dixo que supoñía que a moción fora presentada polo BNG no resto dos concellos, xa que, era sabido, que o PSOE e o BNG asinaran un acordo polo que este último apoiaría ó candidato socialista na investidura como Presidente de Goberno e polo tanto supoñía que este tema estaría enriba da mesa, xa que, na súa opinión o contrario sería unha irresponsabilidade por parte do BNG, e por iso sospeitaban que o partido nacionalista sabía máis do tema do que daba a entender na moción.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Por último, rematou dicindo que eles sabían que o Ministerio de Industria tiña elaborado o Estatuto, que por certo sería o primeiro en España, e que non se puidera aprobar antes por estar o goberno en funcións, e insistiu en que sería o primeiro porque agora víanse ós alcaldes populares da Mariña reclamando as axudas que antes non lle reclamaban ó goberno do Sr. Rajoy, incluso Pedro Sánchez tivo que recuperar o Ministerio de Industria, que fora eliminado polo Sr. Rajoy ó incluílo ao Ministerio de Economía.

Tamén quixo aclarar que fora o goberno socialista en funcións que duplicara as axudas por custes de emisión de CO₂, que nunca antes fora aprobado un maior importe anual . Rematou dicindo que o Grupo municipal socialista ía a apoiar a moción coa seguridade de que o Goberno da nación aprobaría en datas próximas o Estatuto para a Industria Electointensiva.

Seguidamente e para rematar, tomou a palabra o voceiro do BNG., Sr. Rocha Pérez para dicir que efectivamente era certo que estaba na axenda do acordo, e os datos que tiña o BNG era o compromiso do novo goberno de aprobación de dito Estatuto e a eliminación das peaxes, tal e como se indicaba na moción, a partir de agora tería que ser o goberno o que o redactase para poder ver en que condicións quedaba e que fora un prezo competitivo co resto da Unión Europea, cuestión que non fora definida no acordo, que era moito máis xenérico. Tamén aclarou que se ben, era certo que se aumentaran máis que nunca as emisións de CO₂, na moción facíase referencia a elas porque a pesares dese grande aumento, España segue dirixindo o 30% do que a Unión Europa permite , cando outros países da como Francia, Alemania ou Dinamarca que teñen industria electointensiva dirixían o 100% á industria e non dirixen nada a renovables, de aí a necesidade de solicitar o aumento da compensación de CO₂.

Dado por finalizado o debate, O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal , ACORDOU aprobar a Moción sobre o Estatuto para a Industria Electointensiva, presentado polo grupo municipal do BNG. e sendo o seu contido literal o que segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Galiza é un país produtor excedentario de enerxía eléctrica, que envía ao exterior a terceira parte da enerxía producida. Sen embargo esa condición de produtor, a pesar de que historicamente carrexou costes medioambientais e sociais importantísimos, non repercute no beneficio da poboación nin do desenvolvemento da economía de Galiza. De feito as galegas e galegos somos no ano 2019 e 2020 os que pagamos a tarifa máis cara do Estado español.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Isto representa un problema social de gran calado que afecta especialmente aos sectores economicamente máis desfavorecidos. Pero ten tamén unha repercusión directa no desenvolvemento económico do noso país pola relevancia da industria electrointensiva no conxunto do noso limitado tecido industrial. Unha reclamación histórica no noso país é a creación dunha tarifa eléctrica galega que beneficie ao conxunto da poboación e tamén un estatuto da industria electrointensiva, que estableza unha tarifa estábel, predicíbel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.

De feito, neste momento, a crise da industria electrointensiva supón en Galiza o risco de perder máis de 5000 empregos neste sector, con afectación a comarcas enteiras como a de A Mariña, Ferrol, A Coruña e Costa da Morte.

No mes de febreiro, o Consello de Ministros autorizou a tramitación urxente do procedemento de elaboración e aprobación do Real Decreto polo que se regula o Estatuto do Consumidor Electrointensivo, que tiña como obxectivo mitigar os efectos dos costes enerxéticos sobre os grandes consumidores de enerxía; sen embargo, 10 meses despois, ese Estatuto aínda non foi aprobado nin é publicamente coñecido e, polo contrario, o 3 de decembro foi publicada no Boletín Oficial do Estado, a Resolución do 2 de decembro do 2019, da Secretaria de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de subastas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, para o período de entrega comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do 2020.

Esta Resolución, ademais de ser unha falsa saída temporal, empeora as condicións para a industria electointensiva, porque reduce a menos da metade a potencia interrompíbel na subasta correspondente ao primeiro semestre do 2020 e porque ademais elimina os bloques de 40 MW.

Entendemos que é necesario actuar na dirección contraria que establece esta Resolución e é urxente contar cun Estatuto da industria electrointensiva que, con carácter xeral, libere a factura de peaxes que non teñen relación directa co funcionamento do sistema eléctrico: primas ás renovables, costes extra peninsulares, pagos por capacidade, nucleares e déficit tarifario. O coste destas peaxes debe ser asumido polos Presupostos do Estado.

Loxicamente, isto permitirá exixir como contrapartida ás industrias que se acollan o Estatuto, un esforzo en investimentos e melloras nos procesos produtivos que reduzan o impacto ambiental

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

e garantan manter e ampliar o emprego directo.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno desta Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar ao Goberno do Estado á aprobación inmediata dun Estatuto para a industria electrointensiva que estableza unha tarifa estábel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.

2.- Así mesmo, instar ao Goberno español á aprobación urxente dun paquete de medidas para conseguir que a industria electrointensiva teña a máxima compensación permitida pola UE por CO2 indirecto, para competir con industrias similares instaladas noutros lugares do mundo onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.

B)MOCIÓN EMIGRACIÓN NA GALIZA.

A continuación pasouse ó debate da segunda moción presentada polo grupo municipal do BNG, referente á emigración na Galiza, e como no caso anterior, empezou lendo dita moción o voceiro, Sr. Rocha Pérez.

Aberto o debate, por parte do Sr. Rodríguez Barrera, voceiro do P. Popular, indicouse que o seu grupo ía a votar a favor e por parte do Sr. Arango Ron, voceiro do partido socialista, apuntouse que había algún dato dos que aparecían na Moción que chamaranlle a atención, como o feito de que se falaba dunha cifra de case 80.000 mozos entre 16 e 29 anos que abandonaran o noso país, e despois de consultar os datos das pirámides de poboación, comprobara que iso supoñía máis do 26% , o que lle parecía unha barbaridade, e gustaríalle saber se o dato referíase á emigración ó estranxeiro o incluía tamén movementos migratorios a outras comunidades autónomas. De todas maneiras, finalizou dicindo que aínda que fora a metade, sería suficiente para apoiar a moción.

O Sr. Rocha Pérez aclaroulle que tratábase da mocidade que saíra de Galiza tanto para o resto do estado español, como para o estranxeiro, referíase a saída das fronteiras galegas.

O Sr. Arango continuou dicindo que ,en canto ó feito de traer o poema de Rosalía “ *Pra a Habana!*” á moción, como xustificante do drama da emigración, dixo que parecíalle un pouco rebuscado xa que había momentos da historia que reflectirían mellor a problemática da emigración, posto que Cantares Gallegos publicouse o 17 de maio do 1863, e nesas datas, Cuba, era unha colonia española, que deixaría de selo 35 anos máis tarde, e polo tanto os cidadáns galegos que marchaban a Cuba naquela época facíano como colonizadores e o drama non era tanto dos galegos como dos millóns de africanos que a Cuba española mantiña como

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

escravos, non obstante o seu partido ía a apoiar a moción.

Dado por finalizado o debate, O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU aprobar a Moción sobre a Emigración na Galiza, presentado polo grupo municipal do BNG., sendo o seu contido literal o que segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

No poema *Pra a Habana!*, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén a desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos, este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017, últimos datos dispoñíbeis), emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.


Neste período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que, ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral, tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou unha xeración para que o coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración, mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación. A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época que Rosalía escribiu *Pra a Habana!*, a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse a metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “*a Galiza mingüante*” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo. A condición

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación, están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito solicitamos ó Pleno do Concello a adoptar os seguintes ACORDOS:

a) Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

b) Instar ao Parlamento de Galiza a construír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente, golpea ao Pobo Galego.

c) Deben ser eixos destas políticas:

1.- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

2.- A creación de emprego digno e de calidade.

3.- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguran a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

4.- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, enerxético, industrial e tic.

ASUNTO URXENTE: MOCIÓN PLATAFORMA POLA SANIDADE

Favorable

Tipo de votación:

Ordinaria

A favor: 8, En contra: 3,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

NÚM.006.- ASUNTO URXENTE: MOCIÓN PRESENTADA POLA PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DA MARIÑA.

A continuación e antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, pola Alcaldía informouse que fora presentada un escrito para a

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

aprobación dunha Moción pola Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña, dirixida a todos os Alcaldes da Comarca e parecíalles que era procedente traela a este Pleno como asunto urxente porque, como explicou o Sr. Arango Ron, tendo en conta que o próximo pleno non era ata marzo, a aprobación da Moción sería un primeiro paso, tal e como se explicaba no escrito achegado pola Plataforma, previo á convocatoria que facía SOS Sanidade Pública (á que estaba adherida á Plataforma) para, despois, manifestarse masivamente o vindeiro 9 de febreiro en Compostela e adquirir o compromiso de fretar autobuses para asistir a dita manifestación e, polo tanto, ou ben se declaraba de urxencia nesta sesión ou ben tiñan que pasar dela.

A Alcaldesa seguiu dicindo que a Moción facía referencia aos continuos recortes e privatizacións que se viñan facendo no sistema sanitario público e despois de repartir unha copia para cada grupo, indicou que en primeiro lugar procedía facer a declaración de urxencia para poder tratarlo tema ao non estar incluído na orde do día, ao que por parte dos concelleiros do BNG, indicouse que por eles non habería ningún problema e por parte do Sr. Rodríguez Barreira, do P. Popular, apuntouse que non sabía dende cando tiñan o escrito pero que fora mellor telo mirado antes e avisar con un pouco máis de tempo, contestándolle a Sra. Alcaldesa que tampouco habería moito que mirar posto que era un tema que xa viña arrastrándose dende facía moito tempo e que era coñecido por todos.

Sometida a declaración de urxencia a votación, esta foi declarada con oito votos a favor, os do P.S. de G-P.S.O.E. e BNG, e tres en contra, os do P. Popular, e polo tanto co quórum esixido no artigo 83 do R. Decreto 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 47.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Despois de que a moción fora lida polo voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango Ron, abriuse un pequeno debate no que por parte do voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Rocha Pérez indicouse que era sabido por todos o compromiso do seu partido coa sanidade pública galega, avogando por una sanidade universal e gratuíta e polo tanto non podían máis que apoiar todas estas medidas da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña porque estaban totalmente de acordo con elas e non teríamos nada mellor que engadir ao solicitado por eles. Por parte do voceiro do P. Popular anunciouse que o seu grupo ía a votar en contra porque non lle parecía xeito de facer as cousas

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Por parte do voceiro do equipo de goberno, o socialista Sr. Arango Ron, indicouse que o seu partido sempre apoiara á Plataforma na súa defensa pola sanidade pública e polo tanto asumían como deles todos puntos que se desenvolvían na Moción e polo tanto votarían a favor da mesma.

Dado por finalizado o debate, o Pleno en votación ordinaria e con oito votos a favor do P. S. de Galicia-P.S.O.E. e BNG, e tres en contra, do P. Popular, ACORDOU:

PRIMEIRO: Aprobar, nos termos nos que está redactada, a Moción presentada pola Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña, sendo o seu contido o que segue:

“MOCIÓN PLATAFORMA

Prezado Alcalde, desde a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Mariña dirixímonos a vostede para trasladarlle a nosa preocupación pola deriva que desde hai tempo está a seguir a sanidade pública no país e particularmente na nosa comarca.

A partir de marzo de 2018, data na que o goberno decidiu suprimir a Área Sanitaria da Mariña de forma unilateral, sen previo diálogo cos axentes sociais e resto de grupos políticos, os servizos sanitarios comezaron a sufrir un deterioro importante, de xeito que día a día vimos asistindo a serios recortes en materiais, perdas continuas de profesionais en atención primaria e hospitalaria, privatizacións de servizos paulatinas, derivacións masivas de pacientes a hospitais privados a Lugo, listas de agarda inasumibels e xestionadas dunha forma totalmente opaca e un longo etcétera que calquera pode ver a pouco que se pare.

Unido a todo isto acometeuse unha importantísima obra civil na que se investiron millóns de euros, na que se dotou ao hospital de milleiros de metros cadrados máis e que nembargantes serviu para que se dotase dun só servizo novo, nin que se escoitasen as demandas que reiteradamente se fixeran de implantar aparataxes básicos como unha resonancia fixa, aparellos para facer placas dentais panorámicas, densitometría ósea etc., que prometeron implantar cando contasen con espazo físico.

O peche dos paridoiros e das urxencias pediátricas o pasado 1 de decembro no Hospital de Verín reforzou a nosa convicción de que as intencións do goberno da Xunta pasan por alonxar a sanidade pública das comarcas do rural, agravando deste xeito o despoboamento das zonas rurais e desprazando a atención sanitaria máis básica aos grandes hospitais das capitais.

Por todos este motivos, esta Plataforma Sanitaria adhírese á convocatoria que fai SOS Sanidade Pública (á que estamos adheridos) para manifestármonos masivamente o vindeiro 9 de

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

febreiro en Compostela.

Desde este colectivo sanitario farase un chamamento para asistir de forma multitudinaria a Santiago desde A Mariña.

É por iso que lle pedimos que, dentro das súas posibilidades, faciliten a veciñas e veciños do seu Concello á asistencia fretando un o varios autobuses, ou mesmo compartindo autobús con outros concellos veciños.

Aproveitamos tamén para enviarlles unha proposta de Moción para debater no seguinte pleno municipal que teñan previsto realizar. Igualmente quixéramos pedirlle que pendure unha pancarta da fachada da Casa Consistorial. Se aínda conserva a pancarta que usou anteriormente valería e senón podería facer unha pequena faixa co lema principal da manifestación : “ EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA”(…).

TEXTO DA MOCIÓN:

“ A Corporación Municipal do Concello de Lourenzá está preocupada pola situación e perspectivas da Sanidade Pública tanto no noso Concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijoo, baseada nos recortes de recursos, o desmantelamento de hospitais comarcais, o abandono dos Centros de Atención Primaria, a ocultación e manipulación das listas de espera, a precarización e explotación do persoal e a privatización , está levando á sanidade pública a un punto de difícil retorno se non a paramos entre todos.

Algunhas das manifestacións que dan conta do malestar de veciñas e veciños deste Concello ante esta crise sanitaria son:

a) As protestas diante dos Centro de Saúde pola falta de material e persoal.

b) O levantamento da Comarca de Monterrei polo peche dos paridoiros e urxencias pediátricas no Hospital de Verín, que ben poderían trasladarse en calquera momento ao resto de hospitais comarcais, e que levarían ás nosas mulleres a ter que voltar a parir en Lugo, retrocedendo trinta anos e co perigo de ter que parir na Xesta ou no Fiouco de novo.

c) As mobilizacións da Comarca da Mariña contra a falta de pediatras.

d) A incansable loita da comarca ante a desaparición da Área Sanitaria da Mariña con concentracións semanais diante dos centros sanitarios durante máis dun ano, manifestacións masivas d@s veciñ@s, caravanas de coches en contra da supresión da área sanitaria que lograron colapsar as nosas estradas.

Cremos que estamos ante un momento importante para a nosa vila, na que a Corporación Municipal, e como representantes do

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que en LOURENZÁ se poida dispor e acceder a uns servizos sanitarios públicos de calidade.

Non se pode nin se debe admitir o deterioro do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público. Os municipios da Área de Saúde de A Mariña, necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por todo o exposto, a Corporación Municipal de LOURENZÁ, ACORDA:

***PRIMEIRO.-** Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos de persoal, necesario para garantir unha atención accesible e de calidade.*

***SEGUNDO.-** Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa Área.*

***TERCEIRO.-** Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal e como dispón a Lei Xeral de Sanidade.*

***CUARTO.-** Resolución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxías e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa manipulación das mesmas.*

***QUINTO.-** Paliar a carencia de recursos públicos socio sanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes dadas as características de idade da nosa poboación.*

***SEXTO.-** Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes ás clínicas privadas de xeito innecesario.*

***SÉTIMO.-** Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.*

***OITAVO.-** Comunicar a presente Moción da Corporación Municipal de LOURENZÁ á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.”*

***SEGUNDO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.*

-

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS BNG

1º.- No paso de peóns da ponte que se atopa na Avenida Calvo Sotelo á entrada do pobo, a xente esvara por motivo dunhas pezas de madeira que se colocaron. O mesmo sucede na ponte pequena que une as dúas áreas da Cazolga.

ROGO: A solución do problema coa aplicación dalgún tipo de material antiescorregadizo para evitar accidentes non desexados.

Pola Alcaldía indicouse que as táboas eran de madeira, e que esvarábase aínda que foran rugosas. O Sr. Rodríguez Barrera apuntou a solución da colocación dunha malla de galiñeiro que era o que se facía nestes casos noutros sitios. A Sra. Alcaldesa dixo que miraría de buscar unha solución.

2º.-Temos constancia de que nalgunha das beirarrúas da vila están levantadas as lastras que as compoñen co risco para os viandantes de tropezar e caer.

ROGO: Que se faga unha reparación xeral das beirarrúas afectadas.

A Sra. Alcaldesa indicoulle que era conscente da situación e que estaban niso, concretamente na rúa do Eroski e diante do Morrigan.

3º.-Na rúa Ponte de Cuñas, no tramo que forma a chamada “ruta do colesterol”, os farois, na súa maioría atópanse cubertos de maleza e non funcionan.

ROGO: Rozado da maleza e reposición das luminarias na ruta do colesterol.

Por parte da Alcaldía preguntouse a que se referían con cheos de maleza, posto que estaba todo rozado e non había herba subindo pola farolas, que o único problema que puidera haber era coas polas das árbores que tapaban algunha luminaria, sobre todo dende onde se collía para Paizás ata a saída da estrada de Trabada, que efectivamente habería que podalas un pouco e que soamente había

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

unha farola que non funcionara, a que estaba fronte a entrada para Viveiros Cabaleiros, que as demais funcionaban todas.

4º.-Para facilitar á veciñanza a súa relación coa Deputación de Lugo respecto a trámites e entrega de documentación que pode ser requirida para acceder a unha convocatoria de traballo, existe un convenio con algún concello da provincia que permite facer a presentación de documentos por un sistema de rexistro nos propios concellos.

ROGO: Que se instaure no noso concello tal sistema de rexistro si é que aínda non contamos con el, para así facilitar as veciñas e veciños a realización de trámites sen ter que desprazarse a Lugo.

A Sra. López García dixo que falaría coa Deputación, e a Sra. Vázquez Abal, dixo que cría que habíao no concello de Barreiros.

-

-

ROGOS P.POPULAR

1º.- Rogamos adecenten un pouco o polígono industrial que da pena velo.

2º.- Rogamos retomen a ruta de Sendeirismo " O Val de Lourenzá", é un activo turístico moi importante.

3º.- Rogamos que para o ano que ven , en vez de poñer tanta luz de Nadal ao redor das farolas, arranxen tódalas farolas que non dan luz para ver.


PREGUNTAS PRESENTADAS POLO P.P. NO PLENO DE 21/11/2019 PARA SER CONTESTADAS NO PRESENTE PLENO.

1.- Resolución da Alcaldía 2019-0978 ¿a que corresponde esa factura?.

A Factura Núm.2019-978 refírese as camisetas do Terceiro Desafío de Tovar-Cadeira máis a Milla Popular Urbana, van con cargo ás actividades deportivas do Plan Único da Deputación Provincial 2019.

2.- Resolución da Alcaldía 2019-0992 ¿a que corresponde esa

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

factura?.

A Factura Núm.2019-992 fai referencia á aplicación da pista de paddle, o que se cobra pola inactividade do TPV, e dicir por non ter uso.

3.- Resolución da Alcaldía 2019-1020 ¿a que corresponde esa factura?.

A Factura Núm. 2019-1020 é referente a uns carteis impresos nun cartón para que a xente recolla os excrementos dos cans, aínda non se colocaron porque estamos rematándoos xa que viñan sen soporte, e queríámolos facer un pouco rústicos aproveitando o que temos, e aforrar gastos.

4.- Resolución da Alcaldía 2019-1106 ¿a que corresponde esa factura?.

A Factura Núm. 2019-1106 fai referencia ós gastos do socorrista durante os quince días de máis do mes setembro que estivo aberta a piscina.

5.- Resolución da Alcaldía 2019-1113 ¿a que corresponde esa factura?.

A Factura Núm.2019-1113 fai referencia ás camisetas da X Carreira Val das Fabas, as que se dan todos os anos ós participantes da mesma, e van incluídas nas actividades deportivas do Plan Único da Deputación Provincial para o ano 2019.

6.- Resolución da Alcaldía 2019-1188 ¿a que corresponde esa factura?.

A Factura 2019-1188 refírese a lona para apoiar á representante da Mariña e concretamente de Lourenzá no Programa Recantos de Luar, a que está colgada no balcón da fachada da Casa Consistorial.

7.- Resolución da Alcaldía 2019-1195 ¿a que corresponde esa factura?.

As Facturas Núm.2019-1195 e a Núm.2019-1216 fan referencia a unhas actividades programadas con cargo a unha subvención de xuventude, fixéronse unhas xornadas de formación, e na segunda xornada, que se fixera na Festa da Faba, viñeron varias empresas para facer unha demostracións con aluguer de drones, todo ía incluído nunha subvención para a xuventude.

8.- Resolución da Alcaldía 2019-1216 ¿a que corresponde esa factura? vid resposta á pregunta núm.7.

9.- Resolución da Alcaldía 2019-1283 ¿a que corresponde esa factura?.

A Factura Núm. 2019-1283 refírese á colocación dos Carteis da Festa da Faba, como todos os anos.

10.- Resolución da Alcaldía 2019-1358 ¿a que corresponde esa

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

factura?.

A Factura Núm.2019-1358 refírese a unha reparación importante do camión de incendios que se fixo no taller de camiões de Fernando, no taller da Renault, no concello de A Pontenova.

11.- ¿Porqué se perdeu a subvención para a construción dun depósito de incendios na parroquia de Santo Tomé, por importe de 16.882,05 euros?

Esta obra estaba incluída no Plan Único do 2017, retrasárase no seu día porque houbera que pedir autorización a Augas de Galicia e autorización de caudal, e como tardaran moito en vir, tivérase que pedir ampliación do prazo unha o dúas veces, pero ó final non dera tempo para executala e certificala, non obstante temos o compromiso da Deputación para executalo este ano xa que era unha obra necesaria e importante para os veciños.

Pregunta: PREGUNTAS BNG

1ª.- Na Rúa Carlos Peregrín Otero produciuse un desprendemento dun muro particular sobre a zona da beirarrúa e agora mesmo existen unhas proteccións postas polo concello.

PREGUNTA: Comunicouse ós propietarios da finca á que pertence dito muro tal feito e a necesidade de darlle unha solución ou vai asumilo o propio Concello?


A Sra. Alcadesa informou que se lles comunicara, que incluso xa solicitaran no concello a ocupación para poder proceder aos traballos de limpeza e xa se puxeron en contacto coa persoa da pala que vai facerlles o traballo, pero por circunstancias familiares desa persoa tiveron un pouco de retraso, e ademais van a tirar todo, non soamente retirar os escombros, porque teñen medo que siga derrubándose e así atállase o problema de raíz.

2ª.- Por mor dos continuos temporais de vento e auga que vimos a padecer, o estado dos ríos e regatos que forman parte do noso concello atópanse nalgún caso nunhas condicións que poden dar lugar a diferentes problemas tanto de seguridade para as persoas como para as construcións que se atopan cerca deles.

PREGUNTA: Solicitouse ou vaise solicitar a Augas de Galicia que interveña na limpeza ou ben vaise levar a cabo polo Concello en cooperación coa veciñanza, previa solicitude de permiso á correspondente consellería?

Pola Alcaldía indicouse que efectivamente era unha problemática coa que atopábanse diariamente, o estado dos ríos,

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

que había unhas zonas máis problemáticas que outras, que nalgunhas delas o concello xa solicitara as dúas cousas, por un lado poder facer a limpeza o concello, e de xeito xa limparase un tramo, na parte do Ponte da Pedra e por outro a limpeza por parte de Augas de Galicia, noutras zonas ,como a que vai dende o Zapateiro ata Vilanova solicitouse que o fixera o organismo autónomo porque era unha zona complicada e que estaba bastante mal, sobre todo a zona de Cabaleiros e agardaba que Augas o puidera facer. Dixo que tamén tñano solicitado para a zona da Ferrería, pero quería puntualizar que era un tema difícil e non inmediato, porque para cada actuación requirían un montón de datos, non só dicir o que se ía a facer senón incluso especificar claramente os árbores que se ían a cortar, como sabía o concelleiro Sr. Rodríguez Barrera que pasaba na zona da Depuradora, pero que estaban traballando no tema.

3ª.- Temos coñecemento, por parte da veciñanza, de que existen no concello múltiples licenzas de obra pendentes de aprobar por parte do executivo de goberno, co correspondente detrimento para as/os demandantes.

PREGUNTA: Cantas licenzas se atopan neste estado de maneira detallada dende o ano 2015 e porque motivo non se aproban?.

A Sra. López García dixo que non sabía exactamente cantas había, que algunhas estarían pendentes de informe municipal e outras dos informes doutros organismos, recoñecendo que era unha área á cal era necesario darlle máis axilidade, e que detallado non o tiña

4ª.-Por mor dos múltiples traballos de extracción de madeira dos montes neste municipio xéranse un danos importantes nas pistas e estradas de acceso ás fincas polas que transita a maquinaria forestal.

PREGUNTA: Ten o Concello de Lourenzá unha ordenanza municipal que regule estes traballos forestais levados a cabo polas empresas da madeira? Estase a cumprir por parte do Concello e das empresas?.

No caso de ausencia desta ordenanza, non sería necesario implantala para regular a ditas empresas e obrígalas a realizar labores de amaño e recuperación para que volvan a deixar os accesos practicables para as veciñas e veciños que os utilizan de maneira cotiá na súa actividade laboral ou simplemente de lecer?.

A Sra. Alcadesa indicou que había unha ordenanza, que aprobárase a través da Mancomunidade en case tódolos concellos menos en Trabada, A Pontenova e Ribadeo, pero cría que ningún dos concellos aplicábaa a raxatabla, pero que por parte do equipo de goberno se estaba facendo un seguimento no tema de arranxo

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

das pistas falando cos empresarios, que de feito na zona da Oural e na Tilleira falouse con empresario para que deixara as pistas en bo estado e así o fixera, e intentábase facer o mellor posible, entendendo que en inverno agrávase moito a situación.

Falouse da pista de Recemil que estaba intransitable, ao que pola Alcaldesa informouse que aínda non acabaran, pero que tiñan constancia dela, que cortaran unha parcela do Ministerio e que incluso por parte do concello tiñase que cortar outra parcela onde estaba o depósito, e que habería que agardar a que remataran todos os traballos, que efectivamente estaba intransitable, pero que tiñan coñecemento dela.

5ª.- Actualmente o rural galego está a padecer un despoboamento debido a imposibilidade de atopar un traballo e un ha vivenda que poder manter sen ese traballo remunerado. Todo o colectivo poboacional estase a resentir pero a xuventude e os que superan os 40 anos son os máis indefensos fronte a este problema.

PREGUNTA: Forma parte das iniciativas do grupo de goberno solicitar algún tipo de obradoiro ou outro sistema de integración na actividade laboral para as veciñas e veciños que consideren a ben iniciar desta maneira algún tipo de actividade ocupacional?.

Vaise levar a cabo algún tipo de medida para promoción do emprego?.

Existe algún proxecto futuro en cooperación coa Deputación de Lugo para a procura de frear o despoboamento e acadar un enraizamento de xente no rural de Lourenzá?.

A Sra. Alcaldesa informou que nos anos anteriores sempre se solicitara un obradoiro conxunto cos concellos de Trabada, Barreiros e ultimamente unírase tamén o concello de Mondoñedo, e que consistía en traballos de xardinería e carpintería, tamén podería ser para albanelería ou outras cousas, que o ano pasado non se solicitara pero que tiñan intención de solicitalo para este ano e suporía que os demais concellos tamén estarían nesta mesma liña porque era unha oportunidade para a formación da xente e poder buscar un emprego.

Continuo explicando que, en canto á cooperación coa Deputación de Lugo, precisamente nestes días o organismo provincial sacara un Programa de emprego xuvenil que é o Programa Aprende, bastante interesante, dirixido a menores de 30 e maiores de 16, e por parte do concello publicouse e anunciouse colocándose carteis e anuncio na páxina web, pero polo momento ninguén veu a interesarse por dito programa, que parecíalle que fixeran ampliación de prazo, que non debeu ter moito éxito tampouco noutros sitios, seguramente por seren algo novo.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Ante a proposta da concelleira do BNG., Sra. Vázquez Abal, de que ó mellor podería facerse máis publicidade, apuntouse que xa se puxeran carteis e que ó parecer había persoal da Deputación facendo reunións polos distintos concellos.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO P.POPULAR PARA SER CONTESTADAS NO PRÓXIMO PLENO DO MES DE MARZO.

1ª.-Canta xente pagou por usar a pista de padel o ano pasado?.

2ª.- ¿Qué medidas está tomando o goberno local para paliar o peche de varios comercios na Vila?.

3ª.- ¿Porqué segue aparecendo na páxina web do Concello que temos unha ruta de sendeirismo do Val de Lourenzá, se non está practicable como ruta de sendeirismo?.

4ª.- Segundo se nos informa no punto 2 da orde do día , a poboación de Lourenzá a día 1 de xaneiro do 2019 era de 2.140 persoas, 48 menos que na mesma data do ano 2018 e supoñendo que neste ano fose igual, andaremos a día de hoxe nas 2.100 persoas. ¿ Que medidas está tomando o equipo de goberno para deter este desastre demográfico?.

5ª.- Vemos que andan de obras polo ximnasio, ¿cando vai abrir?, ¿ e como vai funcionar?.

6ª.- Na sesión celebrada o 19 de setembro de 2019 preguntamos quen do equipo de goberno dirixiu os traballos das máquinas da Deputación antes das eleccións municipais de maio, respondéronnos no pleno do 21 de novembro do 2019, que foran Mario, o concelleiro encargado dos camiños e Rocío, a Alcadesa, a nosa pregunta e a que nos trasladaron moitos veciños durante a pasada campaña electoral das municipais, ¿porqué a algún veciño lles fixeron arranxos nas súas propiedades e deixaron pistas e camiños municipais sen arranxar?.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 6HKLHZC9EQ74KZ16K4NWZS63N | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 25